



Re-creármonos co patrimonio lúdico

A acción de recrear é unha das máis pracenteiras para o ser humano pois todas as persoas precisan momentos de lecer. A palabra "recreación" vén do latín recreare cos significados de deleitar, gustar, gorentar ou gozar... As actividades recreativas ou de lecer son realizadas polas persoas para promover a participación individual e colectiva en accións que melloran a calidade de vida e satisfan as necesidades físicas e mentais, proporcionando pracer.

Brincar é algo intrínseco á vida dos nenos e nenas, un proceso que se vai desenvolvendo no tempo e no espazo e no cal se inclúen aspectos físicos e emocionais de forma individual e colectiva.

O xogo é unha forma de brincar que reúne dúas características sobresaíntes: nace no medio e está enraizado nel, co cal, pode ocorrer que o mesmo xogo teña, ás veces, regras diferenciadas e mesmo nomes semellantes (ou distintos) a poucos quilómetros de distancia. Poderíamos dicir que non se entende o xogo sen o medio no que se desenvolve e sen comprender a cultura da que procede.



OS XOGOS POPULARES DESDE A PERSPECTIVA EVOLUTIVA (AGXTP www.agxpt.org) OS XOGOS POPULARES

ETAPA EVOLUTIVA

TIPO DE XOGOS

1. O XOGO POPULAR E A APROPIACIÓN DO MUNDO

- 1.1. Aprendendo a escoitar e dialogar
- 1.2. Coñecéndonos nós mesmos e o noso medio
- 1.3. Aprendendo a andar
- 1.4. Apropriándonos do mundo con máis anos

Ata 3 anos

XOGOS FUNCIONAIS

Aberta a inscrición para a XIX Edición

Escrito por K12comunicacion
Luns, 08 Outubro 2012 13:23

XOGOS DE REGRAS

Tirapedras, tiratacos...

Muíños de auga, frautas...

Xogos de regras

4. O XOGO POPULAR E A CONFRONTACIÓN CO MUNDO

4.1. Aprendendo a gañar... e a perder

4.2. Adiando a confrontación co mundo

12/14 a 18
anos

PREDEPORTIVOS E SEDENTARIOS

Predeportivos.

Sedentarios.

5. O XOGO POPULAR E A INTEGRACIÓN NO MUNDO

Idade adulta

XOGOS-TRABALLO, COMPETICIÓN

6. O XOGO POPULAR E O DELEITE DO MUNDO

Vellez

XOGOS “SOSEGADOS”

XIX XORNADA MULTIMEDIA PONTE...NAS ONDAS! **Ponte...a brincar !**

Trátase de participar realizando un programa audiovisual (en formato audio ou vídeo) que teña unha relación co tema proposto nesta edición: o lecer e o patrimonio lúdico galego-portugués. O xeito de tratar o tema é libre e queda ao criterio das escolas participantes. O prazo de envío dos traballos será comunicado aos participantes.

ALGUNHAS SUXESTIÓNS

- Recolla de campo do alumnado sobre o tempo de lecer dos seus pais e avós.
- Recollida de xogos tradicionais na parroquia, concello ou bisbarra (gravación en audio ou vídeo).
- Prácticas de entretementos e xogos no centro
- Levar á escola persoas que saiban xogar a xogos tradicionais e documentar a experiencia.
- Recolla con gravacións de cancións, sortes de rifado...
- Xogos de lingua: trabalinguas, adiviñas, refráns...

Para poder participar nesta actividade é preciso enviar cuberta a ficha de inscrición ao

Aberta a inscrición para a XIX Edición

Escrito por K12comunicacion
Luns, 08 Outubro 2012 13:23

endereço ondas@pontenasondas.org . Posteriormente estableceremos o calendario axeitado para participar.

NO FESTIVAL EUROPEO DE XOGOS TRADICIONAIS

Un referente imprescindible na Eurorrexión á hora de falar do Xogo Tradicional é BRINQUEDIA (Rede Galega do Xogo Tradicional). Ponte...nas ondas! integrada na Rede, colabora na organización do Festival europeo de xogos e deportes tradicionais que se celebrará en xuño de 2013 en Galicia. Os centros participantes en Ponte...nas ondas! terán a posibilidade de participar nas actividades que se realicen.